

# MULLERES IMPRESCINDIBLES. EDUCADORAS NA VANGARDA DO SÉCULO XX

Texto de VV. AA.:

Joan Soler Mata, Ana Romero Massiá, Raquel Vázquez Ramil, Dolores Cotelo Guerra, Víctor Juan Borroy, Miel Anjel Elustondo, María del Mar del Pozo Andrés, Núria Simó Gil e Carmen Agulló

Coordinadores: Antón Costa e Manuela Rodríguez

Tradución de: Isabel Soto

Encadernación rústica. 15 x 21,5 cm. 180 páx. 19 €  
ISBN 978-84-1343-139-0. Lecturas expertas. Biblioteca de Pedagogía.

*A historia das mulleres e, no seu seo, das docentes, aínda que entrou tarde no territorio dos estudos históricos, é actualmente un extraordinario ámbito de investigación e de coñecemento, como se observa na realización de distintos congresos de estudo e de debate e na atención prestada desde diversas publicacións académicas e culturais recoñecidas.*

Rosa Sensat, María Barbeito, María de Maeztu, María Luisa Navarro, María Sánchez Arbós, Justa Freire, Elbira Zipitria, Marta Mata e Carme Miquel son as nove protagonistas desta monografía coral titulada “Mulleres imprescindibles. Educadoras na vangarda do século xx”. Un volume que pon de relevo o legado destas nove mestras con historias de vida singulares, mais que compartiron unha orientación social reformadora, unha grande inxenuidade e preocupación pola formación do profesorado, así como un fondo compromiso coa educación e cos valores humanistas.

Nove docentes, algunhas do primeiro terzo do século xx, que forxaron os seus itinerarios nunha época que convidaba á procura de horizontes de progreso social e democrático e que se propuxeron facer da escola un lugar de vida, convencidas de que «unha escola non termina de facerse nunca», como aseguraba María Sánchez Arbós. Os lectores e as lectoras descubrirán ao longo das páxinas deste libro unhas mulleres imbuídas de optimismo pedagóxico, plenamente conscientes da transcendencia humanizadora e cultural das e dos educadores ante o obxectivo de lograr unha sociedade máis xusta, libre, solidaria e acolledora para todas as persoas.

Esta monografía, formada por nove textos orixinais de especialistas cunha sólida traxectoria investigadora, é o novo título da colección Biblioteca de Pedagogía, que recolle textos clásicos ou obras inéditas do pensamento e a práctica pedagóxica de autores de tanta relevancia como Francesco Tonucci, Maria Montessori, Jean Piaget, Paulo Freire, Célestin Freinet ou John Dewey, entre outros.

## MULLERES IMPRESCINDIBLES

Educadoras na vangarda  
do século xx



■ **Temática:** historia da educación, muller, escola, renovación pedagóxica, feminismo, pensamento, acción educativa.

■ **Receptores:** educadoras e educadores.

■ **Aspectos destacables:** legado educativo de nove docentes imprescindibles, da colección *Biblioteca de Pedagogía* -Premio Gala do Libro 2019 de Iniciativa Bibliográfica- que dirixe o catedrático de Historia da Educación da Universidade de Santiago, Antón Costa; outros títulos da colección: «[A cidade dos nenos](#)», «[Cando os nenos din Basta!](#)» e «[Por que as nenas e os nenos?](#)» de Francesco Tonucci; «[Educación para un mundo novo](#)» de María Montessori; «[A imaxinación e a expresión artística na infancia](#)» de Lev Vigotski; «[Carta a un profesor mozo](#)» de Philippe Meirieu; «[A psicoloxía infantil e a nova educación](#)» de Jean Piaget; «[Pedagogía do oprimido](#)» de Paulo Freire; «[Carta a una profesora](#)» da Escola de Barbiana; «[Técnicas Freinet da escola moderna](#)» de Célestin Freinet; «[Educar a través da arte](#)» de Vicente Blanco, Salvador Cidrás e Rocío Modia; «[Experiencia e educación](#)» de John Dewey.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/mulleres-imprescindibles-g>

www. **kalandraka** .com  
comunicacion@kalandraka.com